



ROSA MARÍA CORTÉS REDONDO, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO AS NEVES (PONTEVEDRA),

CERTIFICO: Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 1 de febreiro de 2022, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**“14. Expediente 1073/2021. Aprobación de subvencións a sectores da hostalería, comercio e outras pequenas empresas ante os efectos económicos da COVID-19**

Vistas as Bases Reguladoras e Convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (PLAN CONCELLOS) 2021, da Deputación Provincial de Pontevedra, publicadas no BOPPO número 1 de data 4 de xaneiro de 2021, e modificadas polo Acordo do Pleno da Deputación publicado no BOPPO número 32 de data 17 de febreiro de 2021, tralo empeoramento da crise sanitaria despois da entrada en vigor das devanditas Bases Reguladoras, coa correspondente repercusión na coxuntura social e económica, que fixo necesario unha modificación parcial das mesmas co fin de adaptalas á realidade social e garantir unha adecuada atención aos sectores máis afectados pola situación de pandemia xeneralizada.

Visto que na Base 8.2.4 se establece que dada a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, excepcionalmente, os Concellos que así o soliciten poderán destinar, adicionalmente, ata o 20% da cantidade asignada na Liña 1, ao financiamento dun plan de axudas destinado aos sectores que consideren máis afectados no seu territorio, co obxectivo de dotar de liquidez a un motor da actividade económica e do emprego local que está pasar por serias dificultades pola falta de ingresos.

Vista a Comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra de data 12 de febreiro de 2021, sobre o repartimento adicional para a Liña 2, na que se comunica que ao Concello As Neves lle corresponde percibir a cantidade adicional de 11.197,31,- euros.

Visto que con data 26 de marzo de 2021 (Número de Rexistro de Entrada: WEB2021012785) o Concello As Neves remitiu comunicación á Deputación Provincial de Pontevedra onde se indicaba que o importe total da cantidade que ía a solicitar para promover a liña de axudas para 2021 ascendería a 27.456,18,- euros.

Visto que ante as dúbidas sobre a falta de competencias das Entidade Locais en materia de fomento e planificación da actividade económica de Galicia, o Concello As Neves solicitou con data 18 de marzo de 2021 (Número de Rexistro de Saída 2021-S-RC200) á Xunta de Galicia informe vinculante de inexistencia de duplicidades e de sustentabilidade financeira, ao ser a administración con ditas competencias habilitadas no artigo 30, do Estatuto de Autonomía.

Visto que con data 22 de marzo de 2021, a Directora da Dirección Xeral de Administración Local (Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo) emitiu informe no que literalmente di que “*non é preciso ningún dos informes establecidos no artigo 3.4 da dita lei (Lei 5/20214, do 7 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local), é dicir, os referidos á duplicidade e sostibilidade financeira, sempre e cando as*



*axudas estean motivadas e vinculadas cos feitos xustificativos do estado de alarma e teñan como prioridade limitar en todo o posible os efectos da crise provocada pola pandemia do coronavirus”*

Vista a Proposta de Alcaldía de data 7 de outubro de 2021, na que se detalla a exposición de motivos e se propón para súa aprobación o texto das Bases e Convocatoria de axudas a sectores da hostalería, comercio e outras pequenas empresas ante os efectos económicos da COVID-19.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 8 de outubro de 2021, acordou a aprobación das Bases e Convocatoria de axudas a sectores da hostalería, comercio e outras pequenas empresas ante os efectos económicos da COVID-19.

Visto que foron publicadas as Bases íntegras e Convocatoria de axudas a sectores da hostalería, comercio e outras pequenas empresas ante os efectos económicos da COVID-19 no Boletín Oficial da Provincia nº 205, con data 25 de outubro de 2021, e transcorrido o prazo outorgado ás persoas interesadas, presentáronse á mesma un total de 12 solicitudes.

Visto que por Resolución de Alcaldía de 26 de xaneiro de 2022 (Decreto número 2022-0013) designouse a composición da Comisión de Avaliación, de acordo có establecido na Base Oitava das Bases reguladoras da convocatoria.

Visto informe da Comisión Técnica de Avaliación emitido con data 31 de xaneiro de 2022.

Esta Xunta de Goberno Local, de acordo có establecido na Base Novena das Bases reguladoras da convocatoria, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Conceder ás subvencións destinadas aos sectores da hostalería, comercio e outras pequenas empresas ante os efectos económicos da COVID-19 no ámbito municipal de As Neves segundo o seguinte detalle:

CIF/NIF	Nome e apelidos/Razón Social	Importe axuda
***7870**	JORGE FERREIRA DÍAZ	2.985,53 €
***0193**	MUEBLES DURÁN DURÁN SL	2.985,53 €
***1181**	MARIA SONIA FERREIRA PÉREZ	2.985,53 €
***9165**	MÓNICA NÚÑEZ GARCÍA	2.985,53 €
***1403**	ANA BELÉN FERNÁNDEZ CAMPOS	2.846,45 €
***9931**	CRISTINA BARROS MARTÍNEZ	1.368,16 €
***7552**	AURELIA PEREIRA RODRÍGUEZ	2.985,53 €
***6983**	MARÍA DIGNA IGNACIO NOVOA	1.985,12 €



Concello

**As Neves**

***7328**	MARÍA LAURA ROCHA DECLERQ	969,55 €
***7226**	DOLORES RODRÍGUEZ ARAÚJO	2.373,74 €
***0825**	MÓNICA MARÍA VELOSO COLLAZO	2.985,53 €

**SEGUNDO.-** Desestimar a solicitude formulada por “*The Originals Hostelería, S.L.U.*”, dado que, segundo se establece na Base Sétima da Convocatoria, será causa de inadmisión “*a falta de presentación da documentación esixida nestas bases, logo de requirimento de emenda da solicitude, sen que esta fora atendida no prazo concedido ó efecto*”.

O requirimento de emenda da solicitude foi notificado electronicamente con data 30 de novembro de 2021 (con número de Rexistro de Saída 2021-S-RE-1109).

**TERCEIRO.-** Dispoñer a cantidade de 27.456,18,- euros á que ascende a suma total das axudas a conceder e recoñecer a obrigaición e ordenar o pago a favor dos terceiros/as que se sinalan no apartado primeiro.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo aos interesados/as con indicación dos recursos que procedan.

**QUINTO.-** Ordenar a publicación da concesión das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións e na sede electrónica do Concello As Neves.

**SEXTO.-** Lembrar a todas as persoas e entidades beneficiarias que deberán cumprir coas obrigas recollidas na Base Décimo Primeira da convocatoria.

En particular, e respecto a publicidade a realizar do financiamento do Concello As Neves e da Deputación Provincial mediante a instalación do cartel que se recolle no Anexo III, deberán presentar no Concello acreditación da realización de dita publicidade, antes do 28 de febreiro de 2022.

**SÉTIMO.-** Lembrar a todas as persoas e entidades beneficiarias que, de acordo coa Base Sétima da convocatoria, deberán aportar ao Concello certificado de atoparse ao corrente coa Seguridade Social e coa Facenda autonómica (ATRIGA), antes do 28 de febreiro de 2022.

E para que así conste e xurda os efectos que proceda, coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, asino e expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, don Xosé Manuel Rodríguez Méndez, na Casa Consistorial da Vila das Neves, na data sinalada á marxe deste documento, asinado electronicamente.

